



D I T A M E

Ditame
6/06

sobre o anteproxecto de
Lei do libro e da lectura
de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 7 DE XUÑO



■ ANTECEDENTES

1.- En data 13 de marzo tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o borrador do anteproxecto de Lei do libro e da lectura de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: Sector público e benestar social, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, nesa mesma data, da entrada de solicitude de dictame.

3.- O 17 de marzo, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o 20 de marzo, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 7/06, do 24 de abril, acorda aprobar por unanimidade a proposta de ditame e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 2/06, de 7 de xuño, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei do libro e da lectura de Galicia.

■ ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto de Lei sometido a ditame establece as bases para unha intervención integral na sociedade galega, que permita un desenvolvemento do sector relacionado co libro e outros soportes culturais, e a formación progresiva dun armazón cultural que favoreza a lectura como actividade prestigiada e valorada, fonte de formación individual e medio para a consecución dos obxectivos da colectividade.

O Anteproxecto estrutúrase en sete capítulos, 36 artigos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

■ CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente o feito de que o anteproxecto de Lei sometido a ditame deste órgano consultivo veña acompañado de memoria económica, dun informe de necesidade e oportunidade e do informe da asesoría xurídica da Xunta de Galicia, que clarifican o anteproxecto sometido a ditame deste Consello. O CES estima que dito procedemento debería empregarse, por parte da Xunta de Galicia, de forma xeneralizada en todas as iniciativas lexislativas.

2.- O Consello Económico e Social de Galicia, como órgano de carácter consultivo en materia socioeconómica da Xunta de Galicia, garante a efectiva participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia a través, entre outras funcións, da emisión de ditames de carácter preceptivo, tal como se regula no artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño de creación do Consello Económico e Social de Galicia.

O CES entende que, dado o carácter preceptivo do seu ditame, este debería ser mencionado na exposición de motivos do Anteproxecto de Lei.

3.- O CES considera que, dada a natureza do anteproxecto de Lei sometido a consideración do Consello e os obxectivos fundamentais pretendidos co mesmo, se debería modificar o título do presente anteproxecto de Lei, de xeito que se introduza no mesmo o obxecto fundamental da mesma, como é o de fomentar o libro e a lectura en Galicia.

4.- O CES considera que a redacción do presente anteproxecto de Lei adoece dunha excesiva motivación e explicación de mandatos e regras, así como reiteracións de expresións tales como “a Xunta de Galicia” ou verbos como “deberá”. Neste senso, o CES entende que, en xeral, a redacción dun anteproxecto de Lei debe ser o máis clara e concisa posible.

5.- O CES entende que, co obxecto de dar claridade ao presente anteproxecto de Lei, no texto do mesmo, deberían definirse os axentes do libro aos efectos do presente anteproxecto de Lei.

6.- A Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, no seu artigo 17, expón que o uso non sexista da linguaxe consiste na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.

O CES entende que o criterio a seguir cara o cumprimento do citado artigo é a utilización, sempre que sexa posible, de expresións neutras que engloben aos dous xéneros.

7.- O CES considera que debería incluírse, como un obxectivo a cumprir co presente anteproxecto de Lei sometido a ditame, o de potenciar a recuperación das edicións históricas do libro en galego.

■ CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O artigo 1 do anteproxecto de Lei do libro e da lectura de Galicia expón os obxectivos da lei.

O CES considera, en primeiro lugar, que se debería modificar o título do presente artigo, de xeito que se reduza á expresión “*Obxecto*”.

O CES entende que o **apartado a)** do **artigo 1** debería modificarse de xeito que a súa redacción fose a seguinte: “*Promover a extensión social da lectura*”, en aras de acadar unha maior concreción e claridade da lei, podendo, en todo caso, trasladar as definicións adicionais que se adxuntan no citado apartado á exposición de motivos.

O CES entende que o **apartado b)** do **artigo 1** debería modificarse de xeito que a súa redacción fose a seguinte: “*Promocionar o libro e a lectura en galego por seren instrumentos indispensables para a transmisión da cultura e o desenvolvemento da identidade do país*”, podéndose trasladar, co mesmo criterio sinalado no parágrafo anterior, as definicións adicionais á exposición de motivos.

O CES considera que os **apartados c) e d)** do **artigo 1** poderíanse integrar nun só apartado favorecendo deste xeito a claridade do texto legal.

2.- O apartado 3 do artigo 3 do anteproxecto de Lei ditaminado reconece o carácter estratéxico e prioritario do sector do libro pola súa importancia cultural, social e económica, como instrumento para e expresión do dereito á creación, á promoción e á divulgación da cultura, a historia e a lingua de Galicia.

O CES considera que este recoñecemento debería estar incluído na exposición de motivos do anteproxecto de Lei e non nun artigo dedicado a regular os plans e programas.

3.- O apartado 7 do artigo 5 do anteproxecto de Lei determina que a Xunta de Galicia adoptará as medidas necesarias para evitar e, no seu caso, sancionar as edicións clandestinas e toda copia non autorizada de libros.

O CES considera que este apartado debería estar incluído na exposición de motivos do anteproxecto de lei e non nun artigo dedicado ás editoriais.

4.- O apartado 9 do artigo 5 do anteproxecto de Lei regula que o editor establecerá o prezo fixo de venda polo miúdo de libros ao público.

O CES entende que o establecemento do prezo fixo de venda polo miúdo de libros ao público debe corresponder ao editor ou ao importador, tal como se regula no Real Decreto 484/1990, de 30 de marzo, de prezo de venda ao público de libros, que, no seu artigo 1, determina que: *“Todo editor o importador de libros está obrigado a establecer un precio fijo de venta al público o consumidor final de los libros que se editen o importen con independencia del lugar en que se realice la venta o del procedimiento a través del cual se efectúe la misma”*.

5.- O apartado 3 do artigo 6 do anteproxecto de Lei sometido a ditame deste Consello expón, entre outros aspectos, que a Xunta de Galicia organizará a súa actividade editorial por medio dun Servizo Central de Publicacións e/ou unha editora nacional.

O CES considera fundamental que o anteproxecto de Lei precise o modo no que se pretende organizar a actividade editorial da Xunta de Galicia, isto é, a través dun Servizo Central de Publicacións e unha editorial nacional de xeito que os dous órganos sexan complementarios, ou se, polo contrario, se entende que os citados órganos son substitutorios.

Tendo en conta o anteriormente sinalado, o CES entende que, en todo caso, no anteproxecto de Lei deberían figurar os obxectivos que se pretende acadar coa editora nacional.

6.- O apartado 3 do artigo 8 determina que, no que respecta ás distribuidoras, *“A Xunta de Galicia centralizará a distribución de todas as publicacións oficiais, de calquera departamento ou organismo do Gobierno, (...)”*.

O CES considera que, co obxecto de dar claridade ao texto legal, debería

incluirse no citado apartado a expresión seguinte: “*A Xunta de Galicia (...) ou organismo do Goberno galego, (...)*”.

7.- O apartado 8 do artigo 9 do anteproxecto de Lei obxecto de ditame propón a creación dun rexistro de librarías, no que deberán inscribirse todas as librarías de Galicia rexentadas por persoas naturais ou xurídicas que, debidamente autorizadas, se dedican, en exclusiva ou parcialmente, á venda de libros en establecementos mercantís de libre acceso ao público.

O CES entende que, mediante a realización dun esforzo de coordinación administrativa, o rexistro de librarías podería elaborarse a través da utilización das licencias fiscais.

8.- O apartado 3 do artigo 11 determina que: “*Co fin de garantir o acceso democrático á cultura de toda a cidadanía da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá o acceso gratuíto e igualitario aos libros e á lectura nas bibliotecas galegas*”. Paralelamente, o **apartado 1 do artigo 12** establece que: “*Co fin de garantir o acceso democrático á cultura de toda a cidadanía da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá o acceso igualitario aos libros e outros soportes con finalidade semellante, á lectura, (...)*”.

O CES entende que a reiteración na redacción dos dous apartados anteriormente citados debería ser corrixida, mediante unha unificación ou ben mediante unha redacción singular para cada un deles.

9.- O artigo 13 do anteproxecto de Lei obxecto de ditame regula as axudas á promoción do sector do libro.

O CES considera positivas as axudas ao sector editorial e demais sectores mencionados no citado artigo 13, por consideralos pezas clave na promoción e difusión da lingua e cultura de Galicia. Neste senso, o CES entende que as axudas económicas aos devanditos sectores así como o apoio técnico que favorezan a modernización e competitividade dos mesmos, deberán materializarse mediante a promulgación das correspondentes normas legais.

10.- No **apartado 2** do **artigo 17** o anteproxecto de lei sometido a ditame compromete a creación da Cámara do Libro Galego.

O CES considera que a alusión que neste artigo se fai ás Cámaras de Comercio debería facerse ao Consello Galego de Cámaras de Comercio.

Por outra banda, o CES entende que no anteproxecto de Lei debería incluírse unha breve explicación das vinculacións e obxectivos en relación coa Cámara do Libro Galego.

11.- O **apartado 1** do **artigo 22** relaciona as datas e nomes da efemérides máis importantes de conmemoración e promoción do libro galego.

Neste senso, o CES considera que se debería incluír a data de celebración do Día da Biblioteca.

12.- O **apartado 1** do **artigo 30** regula as sancións correspondentes ás infraccións leves e graves.

O CES entende que é fundamental que se especifiquen as contías para que poidan ser valoradas por este Consello.

13.- O CES considera que na **Disposición derogatoria única** debería facer referencia á normativa derogada de xeito explícito.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2006

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano